



Instrucións sobre as probas de acceso ó Iº curso do grao elemental

Información Xeral

(Extracto do Decreto 198/2007, do 27 de setembro, polo que se establece a ordenación do grao elemental das ensinanzas de réxime especial de música)

Artigo 7º.- Requisitos e proba de acceso.

Para acceder ás ensinanzas de grao elemental de música será requisito imprescindible superar unha proba específica de acceso, que garante os principios de igualdade, mérito e capacidade.

O procedemento de acceso ao primeiro curso de grao elemental atenderá exclusivamente á avaliación das aptitudes musicais das persoas aspirantes e á idade idónea para iniciar os seus estudos nas especialidades instrumentais. En todo caso, a idade mínima de acceso será de oito anos e a máxima de catorce anos, cumpridos ou por cumprir dentro do ano natural.

A proba para avaliar as aptitudes musicais incluírá, polo menos, os seguintes aspectos:

- ~ **Exercicio para avaliar a aptitude rítmica.**
- ~ **Exercicio para avaliar a aptitude auditiva e vocal.**
- ~ **Exercicio para avaliar a aptitude psicomotriz.**

A realización destes exercicios efectuarase de xeito que ningún deles teña carácter eliminatorio. A valoración realizarase considerando tanto cada un dos aspectos sinalados no punto anterior como o conxunto da proba globalmente.

(Extracto da Circular 4/2008, pola que se regulan as probas de acceso ao grao elemental das Ensinanzas de Réxime Especial de Música)

II. 1. Os/as aspirantes a ingresar no primeiro curso do grao elemental disporán dun máximo de dúas convocatorias para o acceso ao mesmo, non computándose, para estes efectos, as probas nas que se obtivo a puntuación mínima para acceder a devandito curso.

V. 1. A superación das probas de acceso só será válida para obter posto escolar no centro, segundo a puntuación final acadada, e no ano no que se realiza a mesma.

V. 3. Os/as aspirantes que, tendo superado as probas, non resultan admitidos pasarán a relacionarse nunha lista de espera a efectos de poder obter praza no caso de producirse unha vacante. Devandita lista só terá validez para a convocatoria á que se presenta o aspirante, non tendo efectos para convocatorias posteriores.

Proba de acceso

Parte 1

- Exercicio que realizarán conxuntamente os/as aspirantes, serve para avaliar a súa aptitude auditiva. Consta de **catro “test”** que miden aspectos relacionados co senso do ton, a memoria rítmica, a memoria tonal e o tempo.

Parte 2

Exercicio que realizarán individualmente os/as aspirantes, e que contén tres bloques de exercicios:

- **Bloque 1** (*Exercicio para avaliar a aptitude rítmica*) ~ Consta dunha secuencia de 5 exercicios de menor a maior dificultade, de imitación rítmica.
- **Bloque 2** (*Exercicio para avaliar a aptitude psicomotriz*) ~ Consta de unha secuencia de 5 exercicios de menor a maior dificultade de imitación rítmica con coordinación corporal.
- **Bloque 3** (*Exercicio para avaliar a aptitude vocal*) ~ Consta de unha secuencia de 5 exercicios de menor a maior dificultade de imitación melódica. A puntuación máxima de cada bloque de exercicios será de 50 puntos, fixando o máximo desta parte da proba en 150 puntos.

Cálculo da cualificación

No cálculo da cualificación, unha vez sumadas as dúas partes da proba, resulta unha puntuación máxima de 200 puntos. A mesma sumarase a puntuación da ponderación en relación a idade, que será a que segue:

- Aspirantes de **8 anos** de idade (*cumpridos no ano natural*):
 - Puntuación da proba + 30 puntos.
- Aspirantes de **9 anos** de idade:
 - Puntuación da proba + 24 puntos.
- Aspirantes de **10 anos** de idade:
 - Puntuación da proba + 16 puntos.
- Aspirantes de **11 anos** de idade:
 - Puntuación da proba + 8 puntos.
- Aspirantes de **12 anos** de idade:
 - Puntuación da proba + 4 puntos.
- Aspirantes de **13 anos** de idade:
 - Puntuación da proba + 2 puntos.
- Aspirantes de **14 anos** de idade:
 - Puntuación da proba + 0 puntos.

Nota:

A idade fai referencia aos anos que cumpre o/a aspirante no ano natural no que se realiza a proba.

A cualificación final será o cálculo da seguinte fórmula matemática para ponderar a puntuación de 1 a 10 puntos, sendo necesario, en calquera caso, obter como mínimo a cualificación de 5 puntos para superar a proba:

$$\text{Cualificación Final} = \text{Puntuación total} \times 10 \div 230$$